

EXPTE.: 17/2016 – “EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NA PRAIA DE CANELAS”.

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Tramitado o expediente de contratación para a “EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NA PRAIA DE CANELAS”, e atopándose en fase previa á adxudicación do contrato.

Requirida a documentación á persoa física MARÍA CONSUELO OUTÓN OTERO, única plica presentada e admitida a optar a este contrato, de acordo ao disposto no informe de valoración emitido ao respecto polo enxeñeiro técnico municipal, Don Jose María Troncoso Viñas o 26 de xullo de 2016, documentación sinalada na cláusula 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, e presentada o 28 de xullo de 2016, e con entrada nº 8147.

Vista a documentación, compróbase que a mesma reúne as condicións establecidas no prego administrativo.

En base ao anteriormente exposto, e previa fiscalización POSITIVA da Intervención Xeral de data 28 de xullo de 2016, **esta Alcaldía, en uso das súas atribucións, Resolve:**

Primeiro: Adxudicar o contrato da “EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NA PRAIA DE CANELAS” por esta anualidade, a MARÍA CONSUELO OUTÓN OTERO, que oferta prestar o servizo polo prezo de VINTE E CATRO MIL CINCOCENTOS SESENTA E TRES EUROS (24.563,00€), IVE engadido.

Segundo: Debe procederse a formalización en documento administrativo do contrato respectivo dentro dos QUINCE (15) DÍAS HÁBILES seguintes ao da notificación da presente resolución de adxudicación ao adxudicatario, conforme o sinalado na cláusula 11ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro: O acordo de adxudicación notificarase ao licitador e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante, de acordo co sinalado na cláusula 10ª do prego que rexe este contrato.

Dada en Sanxenxo a vinte e nove de xullo de dous mil dezaseis.

O alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral

Ángel Luis López Pita